

# ○ cemiterio de Lérez: aspectos sobre o seu patrimonio funerario

Mateo Fontán Couto

A cultura da morte na actualidade evidencia un proceso de silenzamento. A sociedade, nun cada vez máis palpable proceso desacralizador, prefere eludir á morte ocultándoa. Co paso dos anos os cemiterios mudan, cada vez máis, en espazos impersoais e carentes dun significado. Asistimos, pois, a un cambio radical nestes últimos tempos nos que a morte volveuse tema tabú e até vergoñento. Os rituais que en aparencia persisten no fondo están baleiros do seu contido dramático e os camposantos, lugares de memoria por excelencia, sofren dunha paulatina amnesia. Todo isto cobra un senso se cadra máis manifesto en Galicia, xa que logo até hai ben pouco tempo a morte participaba fortemente da vida cotiá. Os nosos cemiterios rurais perden personalidade nun deterioro que afecta a máis aspectos dese mundo, o rural, que se nos vai día a día.

Co transcurso do século XX a clase burguesa vai minguando e a arquitectura funeraria percorre novas vías de expresión, co nicho como forma máis elixida de enterramento. Deste xeito prodúcese unha aparente democratización social nos cemiterios en detrimento dun claro empobrecemento artístico. Con todo, estes espazos están cargados de significado e fálannos da relación entre vivos e mortos a través dun rico patrimonio tanto material como inmaterial. Nas últimas décadas os estudos con respecto ao patrimonio funerario crecen e o necroturismo está en auge, o que nos fala de novas sensibilidades e actitudes no trato coa morte, ou polo menos coa arte funeraria.

O cemiterio de Lérez é un exemplo dos moitos camposantos parroquiais que atesoura o noso país. Neste artigo preténdese facer unha pequena aproximación á súa arte para, se cadra, poder coñecer mellor as varias mensaxes que agocha nas súas morriñentas pedras.

## Do vello ao novo camposanto de Lérez<sup>1</sup>

O antigo ou vello cemiterio, precursor do actual en Lérez, estaba situado non moi afastado da igrexa, ao sureste do adro. A súa orixe non está clara, aínda que poderíamos aventurar unhas raíces medievais. Estivo activo até 1930, momento no que se trasladan os restos sepultados ao novo camposanto.

O novo cemiterio ou *Cementerio Parroquial Popular de Lérez*, que así foi como se denominou, sitúase na Lomba, no lugar da Piolla, e comezou a edificarse cara a 1920. A súa erección respondeu á necesidade, entre outras, dun novo espazo máis amplo

<sup>1</sup> Agradezo a Xaime Iglesias a información facilitada sobre o devir histórico e construtivo do cemiterio lerezán, tema no que ten traballado con paciencia e profundidade.



Entrada do cemiterio parroquial de Lérez

que o vello recinto non podía proporcionar. No seu momento déronse reticencias por parte dalgúns grupos veciñais con respecto ao novo emprazamento.

O cemiterio inicial constitúeo un espazo rectangular delimitado por un muro perimetral. A superficie sería de 4.284 m<sup>2</sup> repartidos entre panteóns, sepulturas comúns, nichos, parte civil e outras construcións. A planta orixinal, da que non se atopou documentación, viría marcada por dúas carreiras principais e perpendiculares que compoñen unha superficie en parcelas máis ou menos rectangulares, dando lugar a un cemiterio de tipo máis arquitectónico que axardinado. Os primeiros panteóns dátanse en 1924, mais é moi probable que anteriormente se producisen soterramentos de carácter máis humilde. Con todo, xa indicamos que o traslado das sepulturas do vello ao novo camposanto comezou no 1930.

### Patrimonio funerario destacado

Mediante un sucinto percorrido por este cemiterio de Lérez pretendemos sinalar aqueles elementos construtivos que atesoura e que consideramos dignos de destacar ou amosan un maior interese histórico-artístico. Así mesmo, atenderase brevemente á escultura e á simboloxía funeraria que podemos descubrir neste recinto.

#### A entrada

Con certa intención monumental, está constituída por unha sinxela porta principal elevada con respecto ao muro e conformada por perpiaños ben labrados. A porta atópase franqueada por sendas pilastras e finalizada por unha cornixa en cuxo centro apréciase unha cruz latina sobre pedestal coroando o conxunto. Esta cruz é probable que se engadise tempo despois da realización da entrada, talvez substituíndo a outra cruz primitiva. Destaca o enreixado do acceso co remate decorativo do lintel realizado en forxa con motivos xeométricos e roleos.

#### Panteóns e sepulturas salientables


Entrando no cemiterio a poucos metros e a man esquerda atopámonos cun dos máis destacados panteóns do lugar. Posúe planta rectangular coa fachada levemente adiantada e con remate triangular en cuxo vértice destaca a escultura dun anxo trompeteiro. Simboliza ao arcanxo san Gabriel, encargado de anunciar o día do xuízo final. Por isto, represéntaselle coa trompeta para chamar á resurrección. Na actualidade esta escultura carece do instrumento musical que aínda mostraba non hai moito tempo. Tras unha leve cornixa que percorre o perímetro da construción



*Panteón con anxo trompeteiro*

aparece un segundo corpo cun rótulo frontal que identifica ben o panteón: RESURGAM HAC EST SPES MEA. Remata un frontón a cuxos lados hai dúas sobrias acróteras e no centro unha coroa floral encintada co ano de execución do panteón, 1924. Como colofón observamos un pedestal do que aparenta nacer un pináculo pero que finalmente revélase como unha cruz de brazos patados. Franqueando a porta vemos dous maceteiros de pedra sobre peañas. Un enreixado delimita este esvelto panteón lerezán.

A sepultura do médico Enrique López de la Ballina móstrase situada nun lugar central que permite a súa contemplación nada máis entrar no recinto. Trátase dun monumento funerario composto polo sarcófago granítico con placa identificadora de metal, un cruceiro e unha severa estrutura semicircular pétreo con ocas cadrados en alternancia a xeito de pano de fondo, recollendo o conxunto. Dita estrutura posúe dous grosos pináculos coroando, un a cada lado, e dous farois a media altura; amais, letras metálicas xunto cos anos de nacemento e morte identifican ao homenaxeado.



Sepultura de Enrique López de la Ballina

Deste conxunto destaca o cruceiro que foi trasladado dende a súa localización orixinal até o camposanto. Actualmente non presenta plataforma. O baseamento é cúbico coas arestas superiores rebaixadas. O varal é oitavado coas faces lixeiramente acanaladas. No anverso do varal amosa catro santiños: O primeiro é unha muller con manto cubríndolle a cabeza e os brazos cruzados sobre o peito, a carencia de atributos dificulta a súa identificación; o segundo leva tonsura, viste hábito e porta un libro e a palma do martirio podendo corresponderse con san Estevo; o terceiro, identificado como san Lourenzo, leva tonsura, viste dalmática e porta unha grella e un libro; o último santo leva tonsura, viste hábito franciscano e porta un libro e unha cruz.

O capitel é composto, formado por collarino, motivos vexetais, volutas angulares e equino de lados curvos. Situadas sobre o equino vemos cabezas de querubíns. Polo reverso deste cruceiro, no lado da Virxe, apreciase unha caveira en lugar dun querubín.



Panteón da familia de Victor Pérez

A cruz é nodosa cun Cristo exento e de tres cravos, coas costas separadas da cruz, baixo cartela de INRI. No reverso, pódese apreciar un conxunto formado por unha Virxe María, na súa advocación de Gloriosa, coroada por dous anxos, co Neno Xesús no colo e mais co diaño aos seus pés.

Preto deste mausoleo atópase o **panteón da familia de Victor Pérez**, que foi coñecido como o Calacú. A súa traza é neogótica presentando planta rectangular e cuberta a dúas augas. A súa portada de acceso ten como van un arco apuntado con reixa de forxa na porta que remata cunha artística trazaría de inspiración gótica. Está flanqueada por parella de pilastras acaroadas con capiteis imitando decoración vexetal. Sobre elas, a cada lado, unha rama de loureiro representa a vitoria, mais sobre todo é o emblema da resurrección. A cornixa conforma un hastial coroado por unha cruz de brazos lixeiramente potenziados. A cuberta complétase con catro pináculos nas esquinas.



*Panteón da familia Andrade*

Tamén de inspiración neogótica, aínda que cun sabor máis ecléctico, é o **panteón propiedade de Jose Abilleira Arribas**, datado en 1958. Realizado en cantería granítica, presenta unha planta rectangular con cuberta a dúas augas. O seu van de acceso é un arco de medio punto. Flanqueando a fachada, unhas pilastras acaroadas rematan nunha cornixa que sostén un frontón moi apuntado sobre o que coroa unha artística cruz. O conxunto amosa pináculos nas esquinas e un enreixado arredor do edificio. De moi semellante factura é o panteón de Lino Esperón.

O **panteón propiedade de Andrés Veiga López** está levantado con perpiños de pedra e destaca polo rotundo da súa erección e a orixinalidade con respecto a outros panteóns do cemiterio de Lérez, amosando unha liña no deseño contemporáneo funerario. De traza rixida e parca posúe planta rectangular e o aspecto é o dunha gran bóveda de canón. A súa fachada principal, en forma de grande arco, posúe un van de arco de medio punto e unha porta de reixa de cor negro sobre a que se ve unha

placa co nome do dono. Unha sinxela cornixa divide o corpo do edificio da cuberta con esquema de bóveda de canón, conformando un frontón en cuxo centro sobresa unha cruz latina sobre pedestal.

No estilo neoclásico poderíamos encadrar o **panteón da familia Andrade**. Trátase dun edificio a xeito de templo grego con planta rectangular e con cuberta a dúas augas. Posúe un van de acceso con reixa flanqueado por catro columnas, cada unha con basamento, fuste liso e capitel de inspiración xónica. Enriba do van lese o apelido da familia propietaria do panteón. Presenta un sinxelo entablamento con arquitrabe e friso decorado en relevo. Remata o conxunto un frontón triangular coa mesma decoración que o friso e en cuxo centro sobresa unha cruz latina.

Sinxelo pero con gusto érguese o **panteón da familia Paz-Andrade**, que acolle os restos de Carmén e Alfonso Paz-Andrade, amais de Valentín que foi “Letras Galegas 2012”. A construción é de planta rectangular e teitume plana. O van de acceso é de medio punto con finas arquivoltas que dotan á entrada dunha aparencia de porta románica. Unha reixa branca serve de entrada e peche. Enriba e a un lado da ampla entrada anúncianse os apelidos da familia Paz-Andrade en letras metálicas. Catro sinxelos canzorros parecen soste a humilde cornixa. Xa no interior poderíamos destacar a coqueta vidreira coa representación dun cruceiro.

Finalmente dedicaremos unhas verbas ao **cinceiro parroquial**. Construción de planta rectangular cunha plataforma de tres chanzos, un gran van de entrada como fachada e paredes laterais abertas. Posúe unha cornixa simple e remata cun frontón triangular partido onde as liñas interrompidas debuxan dous semicírculos que finalizan nunha cruz latina sobre pedestal. No interior un sinxelo altar, dúas fiestras cadradas e un crucifixo. O edificio data de 1978 e foi doado en memoria de Nieves Tilve Villaverde, tal e como reza a inscrición.

Habería outros panteóns e sepulturas neste cemiterio de Lérez dignos dalgunha atención (José Filgueira Solla, Julio Pérez P. e esposa, Manuel Moldes Paz, familia Bugallo, etc.), mais o espazo exige centrarnos nestes que consideramos máis salientables.

## **Simbología e escultura funeraria**

Amais daqueles signos xa comentados (anxo trompeteiro e loureiro) podemos sinalar algún vestixio máis de simbología funeraria no camposanto de Lérez, así como tamén algunha mostra escultórica de interese. Nada máis

entrar no cemiterio e a man esquerda topamos co panteón propiedade de Celestino Vieites e a súa esposa. Aquí aprécianse tres símbolos, a saber: o veo, as mans entrelazadas e o reloxo de area con ás. O veo simboliza a tristeza e o loito, igual que un pano, un sudario ou un manto sobre un obxecto. Este símbolo tamén actúa de *memento mori*, lembrando a nosa mortalidade. No panteón de Manuel Moldes tamén atopamos este símbolo.

Nas mans entrelazadas vese un símbolo de benvinda ao ceo aínda que tamén pode representar un adeus ou, se cadra, o amor máis alá da morte se a man pertence a un home e mais a unha muller. O reloxo de area con ás é unha das representacións máis frecuentes nun camposanto. Sinala o inexorable paso do tempo e o final da vida. As ás engádense desde o século XIX en alusión ao viaxe da alma ao máis alá e tamén á fugacidade do tempo. No panteón de Manuel Moldes apreciamos de novo este símbolo. Tamén podemos distinguir símbolos como a piña que representa acollemento e asilo, coroas florais en pedra, en sinal de gabanza ao defunto, ou flores exentas como por exemplo a flor de lis ou o pensamento.



Simboloxía funeraria

Por suposto a cruz, o gran símbolo da cristiandade, é o emblema máis estendido no cemiterio. Indica a vitoria sobre a morte e o pecado; colocada nas partes superiores de tumbas e panteóns pode indicar o ascenso da alma do defunto. Cando pendura un sudario da cruz evoca o descendemento do cadáver de Cristo e a preparación do corpo para ser sepultado. A diversidade e tipoloxía é moi ampla, tamén neste cemiterio: latina, patada, flordelisada, celta, trebolada, arbórea...

No tocante á escultura o xeitoso panteón datado en 1930 e de inspiración clásica propiedade de Juan González Pérez e a súa esposa Dolores Lores Tubio está coroado, amais de por unha cruz trilobulada, pola efíxie dunha muller que coa man dereita sostén un cáliz namentres apoia a esquerda no peito. Trátase dunha alegoría da Fe, unha das sete virtudes infusas e unha das tres teologais. Pódese representar cunha venda nos ollos, mais no caso do panteón lerezán é a capucha a que oculta a súa mirada nunha metáfora de confianza cega en Cristo. Aos lados desta escultura da Fe observamos dous cativos sentados e de case idéntica factura; teñen os ollos pechados e apoian a cabeza sobre unha man, nunha actitude melancólica e reflexiva. Acaso sexan unha representación de anxos infantís.

Custodiando a fosa coas cinzas da familia Grela Barral atópase unha belida escultura que imita á famosa Piedade de Miguel Anxo e ao eu carón, na tumba de Ángel Enrique Grela Barral, vese unha imaxe dun Cristo en pé e cos brazos elevados cara o ceo. Outra Piedade, esta realizada en pedra e cunha factura máis basta e efectista, coroa o monumento onde están soterrados Luís e Ignacio González mais Carmen Pacheco. Queremos destacar tamén a escultura que perpetúa a lembranza dese gran polígrafo que foi Antonio Odriozola. Foi sufragada pola Asociación de Amigos de Antonio Odriozola e realizada por Quique Santiago Esperón.

Moitos panteóns posúen relevos e até pequenas esculturas exentas dunha variada nómina de Virxes e santos. Así mesmo, nos nichos e no interior dos panteóns son innumerables as representacións relixiosas en forma de pequenas imaxes, ou de maior proporción no caso das grandes construcións funerarias.

Sirvan estas liñas para poñer o foco nese outro patrimonio esquecido que enche os nosos camposantos. De nós depende conservar a memoria non só daqueles que xa cruzaron o limiar da vida, senón tamén dos códigos e solucións artísticas que acompañan á morte dende tempos remotos.